

## ASISTENTES

Casas Rodríguez, Diego (EST.)  
Dafonte Gómez, Alberto (PDI-A)  
Ferreiro Vázquez, Óscar (PDI-B)  
González Santamaría, Pedro (PDI-B)  
Michinel Álvarez, Miguel Á. (SECRETARIO)  
Novás Míguez, Javier (PAS)  
Ríos Santomé, María José (PAS)  
Rubio Armesto, Belén (PRESIDENTA)  
**ESCUSAN**  
Gómez Rodríguez, Alma María (PDI-A)

Acta da sesión ordinaria da Comisión Electoral da Universidade de Vigo do día 1 de abril de dous mil vinte dous, convocada ás 09:15 h. en primeira convocatoria e ás 09:30 en segunda.

O día **1 de abril de 2022** ás 09:30 h. deu comezo a xuntanza ordinaria da Comisión Electoral, presidida pola vicerreitora de Investigación, por delegación do reitor, co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde día.

### **1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do martes 8 de marzo do 2022.**

A presidenta indica que non se recibiron alegacións á acta enviada, polo que pide que se aprobe por asentimento.

Apróbase por asentimento a acta, agás os non asistentes á sesión anterior.

### **1. Resolución das reclamacións ás candidaturas provisionais ás eleccións á Reitoría e a representantes no Claustro Universitario.**

A presidenta cede a palabra ao secretario, que indica que ata o mesmo día da sesión non foi posible enviar as listas definitivas, dado que ata todo o día anterior estivo aberto o prazo de presentación de reclamacións. Asemade, solicita que, de existir peticións de renuncia, poidan aceptarse de oficio pola Secretaría Xeral ata o momento en que se envíen as papeletas á impresión. Enviarase un aviso indicando a data ata a cal caber renunciar. O secretario informa dos cambios nas listaxes provisionais, que se deben precisamente ás renuncias recibidas na Secretaría Xeral, 4 de PDI-A e 3 de estudantes (que se refíren exclusivamente ás eleccións ao claustro) e que poden ser todas aprobadas conxuntamente, agás unha relativa á inclusión das siglas da agrupación electoral, que se propón sexa así mesmo aceptada.

Apróbanse por asentimento as reclamacións recibidas.

### **2. Proclamación definitiva das persoas candidatas á Reitoría e a representantes no Claustro Universitario.**

A presidenta cede a palabra ao secretario quen indica que, sobre a base das reclamacións aprobadas no punto anterior, e incluíndo as renuncias que se poidan recibir ata o martes 5 (día previsto para a publicación das listaxes definitivas), a Secretaría Xeral elaborará as ditas listaxes definitivas para a publicación.

Acórdase proclamar definitivamente ás persoas candidatas.

**3. Declaración de finalización do proceso electoral nas circunscricións onde non se superou o número de postos a cubrir, agás no referente á proclamación definitiva de representantes electos/as.**

A vicerreitora cede a palabra ao secretario quen indica que, nas circunscricións onde o número de candidaturas non supera o de prazas dispoñibles, non procede celebrar a votación, debendo declararse a conclusión do proceso, segundo o regulamento electoral xeral e o procedemento específico elaborado ao efecto, agás no relativo á proclamación definitiva de representantes electos/as no Claustro, á que se debe proceder conxuntamente, unha vez rematado todo o proceso. Delégase na Secretaría Xeral se houbera que facer modificacións a causa de novas renuncias.

Apróbase por asentimento.

**4. Determinación, á vista do número de electores/as, do número e da colocación das mesas electorais.**

A vicerreitora cede a palabra ao secretario quen indica que o documento foi remitido xunto co resto da documentación e que se trata dunha adaptación do mesmo documento que fora elaborado hai catro anos ás circunstancias do proceso actual. Solicítase que se inclúa na delegación prevista no punto 8 a realización de eventuais correccións en caso de ser recibidas novas renuncias nas eleccións a representantes do Claustro.

Apróbase por asentimento o número e colocación das mesas electorais.

**5. Sorteio dos membros do PAS que deberán integrar a Mesa Electoral da Reitoría.**

A presidenta cede novamente a palabra ao secretario que propón elixir 9 números entre o 1 e o 302, que corresponden ás persoas da listaxe que foi remitida, de xeito que os tres primeiros sexan titulares e os seguintes, suplentes. Faise mediante unha aplicación en liña. A comisión acorda que, agás que na normativa (e a Secretaría Xeral, por delegación) se estableza outra cousa, a orde de saída dos números determinará a presidencia, secretaría e vocalía da mesa, respectivamente. As persoas elixidas son os seguintes:

Presidente: De la Cruz Rodríguez, José Antonio

Vocal: Cabaleiro Soto, Margarita.

Secretario/a: Domínguez Lorenzo, Vanesa.

Presidente Suplente (1): Legazpi Del Campo, Alba

Vocal Suplente (1): Vázquez Durán, Iria

Secretario Suplente (1): Casar Sarasola, Arturo

Presidente Suplente (2): Pérez Betanzo, Cándido.

Vocal Suplente (2): López Vázquez, Paula.

Secretario Suplente (2): Álvarez Castro Olimpia.

Apróbase por asentimento o resultado do sorteo.

**6. Comunicación a presidentes/as de mesas electorais das instrucións sobre as urnas e o escrutinio.**

A vicerreitora cede a palabra ao secretario quen sinala que se trata de elaborar un documento que resuma as principais indicacións sobre organización das mesas electorais e urnas, dirixido aos presidentes das mesas. Enviouse un borrador, pero se pide unha delegación na Secretaría Xeral para redactor a versión definitiva, dado que aínda falta máis dun mes para a votación. A Secretaría enviará o documento á comisión en canto estea listo.

Apróbase por asentimento.

**7. Delegación na secretaría da Comisión Electoral do nomeamento de interventores/as e da proclamación provisional de candidatos/as electos/as, así como doutros asuntos de mero trámite.**

A vicerreitora cede novamente a palabra ao secretario xeral, quen indica que se trata de dúas delegación habituais neste procedemento, destinadas a evitar reunións innecesarias da comisión que, agás situación excepcional, non volvería a xuntarse ata despois da votación. María Xosé Ríos Santomé pregunta se haberá unha comunicación ao respecto, para as persoas que desexen ser interventoras, e o secretario comenta que se mandará un aviso e se enviará a lista de persoas á comisión cando estea dispoñible.

Apróbase por asentimento.

**8. Quenda de intervencións.**

A presidenta comenta sobre un cruce de correos na lista de comunidade en torno a aprobación de poder votar “non” á candidatura única a reitor, e aclara que a comisión seguiu escrupulosamente os Estatutos da Universidade onde figura tal posibilidade. María Xosé Ríos pregunta como se vota “non” e o secretario aclara que figurará a casilla correspondente na papeleta. A vicerreitora entende que non é necesario que a comisión entre a facer un comunicado oficial sobre este asunto, en resposta a unha pregunta sobre isto.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 10:00 h do día 1 de abril de 2022, da que eu como secretario xeral dou fe co visto e prace da presidenta por delegación da Comisión Electoral.

A presidenta da Comisión Electoral

O secretario da Comisión Electoral